


5 / AGOSTO DO 2004 - NÚMERO 526

r d l REVISTA
DAS
LETRAS



Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo. Fotografías: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com

Charivari. Germán Sierra

2 | **rdl**
Galicia Hoxe 05/08/04



Germán Sierra (Compostela, 1960) revelouse a finais dos anos noventa como un dos escritores en castelán que mellor esculcaban as claves da sociedade contemporánea con ironía e humor, armas estas das que se serviu para tinxir a traxedia da súa visión con todo tipo de desfrutes literarios. Desde entón, Sierra debuxa unha traxectoria na que, amais de incursións esporádicas na lingua galega, brilla a súa capacidade para demerxerse nos labirintos da postmodernidade procurando ir máis alá: probablemente en Germán Sierra se debuxan, como en moi poucos narradores españois da súa xeración, eses elementos que a moitos críticos os levou a falar, diante da súa obra, da “trans-

Ironía contra a traxedia

modernidade”, ese espazo fundido onde conviven no seu esplendor dúas correntes literarias ata agora antagónicas. Proba da súa habilidade e da súa capacidade para verter rexistros, incluso na poesía, como fixo para o cedé-poema ‘Ulloa son’ do proxecto Batiscafo, son as narracións recollidas en ‘Alto voltaje’, a súa obra máis recente, unha galería de personaxes que achegan ó lector o Germán Sierra máis desinhibido e humorístico. Revista das Letras, suplemento no que colabora habitualmente, publica hoxe o adianto da súa próxima novela, unha inédita versión galega realizada especialmente para este número.

“Cada vez é máis difícil definir o que é a literatura: é un concepto moito máis amplo do que pensamos e está máis relacionado con outras formas de coñecemento, coas outras artes, coa ciencia”. “Para min escribir é un experimento: Unha forma de intentar coñecer a realidade contemporánea”. “A nova narrativa sempre existe e nestes momentos, con tantos cambios sociais e tecnolóxicos tan importantes, talvez se nota máis a aparición dunha nova narrativa que trata de explicar eses cambios”. “O libro vai permanecer porque é unha tecnoloxía extraordinaria: duradeira, sólida, fácil de usar... O que pasa é que xorden outros medios que che permiten facer cousas que no papel non podes. É un pouco o que pasa coa música: que os sintetizadores che permitan facer o son dun violín non fixo que os violíns desaparecesen”.

Este texto é un fragmento, apenas modificado, dunha novela que levo dous anos escribindo, provisionalmente titulada 'Placeres plurales'. Unha das súas características é a presenza de diálogos longos e múltiples nos que, con frecuencia, existe unha certa ambigüidade sobre os interlocutores que participan na conversa. Moitas veces as personaxes poden ser recoñecidas grazas a certas expresións idiosincráticas. O efecto de vaga confusión que producen algúns dos diálogos deste texto é, polo tanto, conscientemente provocado.

Charivari

A douscentos metros do noso bar, as rúas desem-bocan nunha praza onde os adolescentes do barrio adoitan reunirse. Diríxense aló en grupos de tres ou catro, carregados con botellas de dous litros de Pepsi nas que engadiron algún licor –ron, xenebra, whisky– de dubidosa procedencia, sempre demasiado lixeiros de roupa –as rapazas tiritando, coa cabeza afundida entre os ombros, dándose palmetadas nos brazos–, en seguida borrachos coma cubas, bailando arredor de radiocassetes ou berrando cancións, vomitando nas esquinas porque os portais están pechados a cal e canto.

–¿A ti gústache o rap?
–Non particularmente. Sen embargo, penso que é a mais interesante manifestación da cultura da rúa.
–Parvadas. É un produto comercial coma calquera outro. A cultura da rúa non existe. Non hai máis que unha serie de interpretacións da cultura comercial. Unhas mellores, e outras...
–Por certo, ¿onde mercaches eses jeans?
–En internet. Un sitio chamado jeansdeluxe. Pero son falsos, anyway.
–O rap, o hip–hop, están creando un novo gusto polos ritmos verbais. Conseguíu que os adolescentes volvan ler poesía rimada.
–¿Tupac?
–Un gran tipo, segundo teño entendido.
–¿Notorious B.I.G?
–Os novos herois mortos. E aquí sen enterrarnos.
–Madrid é un heroe morto.
–Madrid é unha puta tumba, sobre a que bailabamos como posesos: agora estamos cansos de abanear o cú.
–É que somos vellos... Mira os novos...

Estamos sentados nun escalón non demasiado cotroso, envoltos nos luxosos abrigos, sen que ningún se aproximase a nós nin para pedirnos un cigarro. Bebemos dunha botella de gin–tónico que antes preparamos no bar pra tentar, sen resultado, de mesturarnos co xentío da praza. Imaxino que nos miran como a dous vellos borrachos, e nada repugna máis a un rapaz borracho que un vello borracho.

–¿Non te sintes como se estiveses ollando una manada de babuínos?
–Pois hai un par que son moi monos...
–¡E a música que escoitan!
–Pois xa ves: a puta Charivari. ¿Que crees que deberían escoitar?
–A verdade é que me importa unha figa. ¿Que faríamos nós coa súa idade?

–Follar como coellos.
–Iso xa o facemos.
–Ti, que tés sorte...
–Ti queixaraste.
–O finés ten razón: os oitenta foron o canto do ciño de Europa, non só de España. Tiñámolo moi claro. Despois diso non houbo máis que mercadeo político e moi mal gusto.
–Eurotrash.
–Cando se alimenta a plebe con pan e circo, acababan por adorar os pallasos.
–E por elixir un para que os governe.
–Só os ricos están a salvo.
–Como foi sempre...
–E, de entre eles, só uns poucos.
–Cada vez menos...
–Até que non quede ningún...
Quico chega tarde, como fai sempre.
–¿Cres que a Charivari lle interesará o rap?
–¿Pero non é cubana?
–Viviu en Miami –intervén Quico.
–Estou certo de que a sorprenderías moitísimo máis se lle falases de Mozart.
–Poñereille 'A Fruta Máxica'.
–Papaxeno no timbre do teléfono móbil.
–Don Giovanni sería moito máis apropiado.
–In Ispagna son giá mille e tre... –Reverencia.
–Un auténtico congreso de donjuanes.
–Se me axudades, todos nos beneficiaremos.
Móstranos varios recortes dunha revista que leva no peto do abrigo nos que unha actriz madura se deixa acompañar por un home moito máis novo.
–Non tedes nin idea do ben que se pagan estas cousas.
–Ou sexa que eso é o que pretendes, convertirme nun gícoló de revistas do corazón...
–¿E por que non? ¿Non é un modo marabilloso de vivir? Podes darlle de hostias ós fotógrafos.
–Espero que non vaia por min.
–Ti serías o meu fotógrafo de cabeceira. Cámaras ocultas e todo iso...
–Podes dicir obscenidades na televisión.
–Sigo a pensar en Osvaldo. Ese tipo pode ser perigoso.
–¿Pertence á mafia colombiana?
–Non é colombiano. Creo que é arxentino.
–De Miami.
–Teño escoitado que, en realidade, procede de Porto Rico.
–É un cocainómano. Quizáis un pouco máis que todos vós, pero non é unha persona violenta. A súa única relación cos Gómez é compralles de cando en vez...
–¡Podes cobrar por ir a festas...!

—¿Quen son os Gómez?
—Os que lle venden o que lle vende ó que te vende a ti.

*

“Todo comezou no Castellana Hilton, onde ela estaba aloxada nunha inmensa suite do derradeiro piso...”

“...
“¿Non che parecen encantadoras as hermanas Hilton...?”
“...”

Paul e mais eu esperamos a ver saír a Osvaldo, e entón chamamos ó mánager de Charivari por teléfono. Agardei dez minutos antes de entrar no hotel, dicindo que me encontraba alí para falar da gravación do vídeo, de parte de Paul Melchor. “...”

“Todos os hoteis parécenme iguais, todos os que se aloxan neles perécenme sempre os mesmos: xente de hotel. Por iso sempre me gustaron; encántame ir tomar café polas mañás cando saio do apartamento de calquera das miñas amigas. Elas van traballar ou a clase, e entón é marabilloso sentirse só e poder ir almorzar á cafetería dun hotel de luxo, facerme pasar por un hóspede calquera, simular ser algún cliente habitual. Ás veces subo ós pisos superiores e busco unha porta que aínda teña o cartel de non molestén, para dar o número desa habitación ó camareiro. Dígolle, cunha chiscadela, que a miña dona quedou na cama. Sempre hai hóspedes que dormen ata tarde, ata despois da hora límite do almorzo, e, á fin e ó cabo, está incluído no prezo do cuarto...”

“...”

das cámaras de televisión, con eses acaneos de cadeira, sacodidas de peito e chasquidos de melenas; esas cancións nas que só se fala de follar. ¿Nunca a escoitaches...? ¿Sabes que non se deita con Osvaldo? ¿Cantos anos terá Osvaldo...? ¿Cinquenta? Ela é pouco máis que unha adolescente. Non tivo máis que un par de noivos e algúns rollos dunha noite. Decidiu dedicarse a gañar cartos, e esquecer o millón de tíos que a perseguían, e entón acercouse a Osvaldo en Miami, para que a levase ó Delano e a presentara na sociedade musical, e ela que supostamente cantara, en festivais venezolanos ou salvadoreños, rumbas e rocanroles. Outra pequena princesiña dos cabaretes con ínfulas de estrela... En fin, o caso é que parece máis encaprichada comigo que calquera dos meus ligues recentes, unha especie de arrebatado romántico deulle á pobre e non quixo que ninguén soubese de min, non quere que nos poidan sacar unha foto xuntos porque me quere para ela soa, terme agachado nalgunha suite ata que poidamos irn a unha illa do Caribe ou do sur do Pacífico e vivir nunha casa con moitos criados, e que eu a espere durante seis meses cada vez que ten xira internacional...”

“...”

“Chegamos ó hotel onde ela reservara unha suite dende o taxi. Puxérase unha perruca, un gorro e unhas enormes gafas de sol para evitar ser recoñecida. Eu baixeime un pouco antes porque non quería que nos visen entrar xuntos...”

“...”

De contado deime conta de que a cousa non ía só de sexo. Teño visto cousas extravagantes, pero nada como aquilo. En primeiro lugar, pediu unha cea suntuosa: caviar, ostras, langosta e Cristal de Louis



“E non só almorzar: nos grandes hoteis é fácil comer gratis a calquera hora. Adoitan acoller recepcións, celebracións e congresos nos que un pode mesturarse cos invitados e pasar perfectamente inadvertido. Xa sabes, saídas a xente como se os coñeces de toda a vida; ninguén se estrañará de que non lembres o teu nome, porque eles tampouco lembran o teu...”

“...”

“Levabas razón, por certo, no de que resulta moi difícil quedar a soas con alguén como Charivari. É como unha empresa aberta as 24 horas. Sempre hai xente ó seu derredor. Xamais falan de negocios sen que estean presentes os seus mánagers e secretarios e, ás veces, fanse acompañar tamén por gardalombos. Teñen fans, xa sabes; atraen a multitude de psicópatas e dementes...”

“...”

“O caso é que Charivari lembraba o noso encontro previo e interesáballes librarse dos demais, e o único modo que se lle ocorreu foi desprazarnos a outro hotel co pretexto de examinar posibles decorados para filmar o vídeo. Un hotel antigo e con máis soleira, no que, até entón, nunca me atrevera a entrar. Díxolle ó seu mánager que tiña unha cita neste hotel e dirixímonos a un terceiro, onde alugou una suite e pídimo a cea...”

“...”

“Charivari é moito máis tímida do que aparenta de cara ó público, cando está no escenario ou diante


Roederer, que é o que beben os rapeiros de Miami. Co pretexto de ensaiar para o vídeo, trouxera unha maleta chea de vestidos e pasou un bo rato probándolos todos para elixir un, vestíndose e espíndose unha e outra volta diante de min, ofrecéndome un incitante teatro de lencería branca sobre o seu escario de pel morena. Até alí, os caprichos dunha nena rica e mimada. Pero despois comezou a sacar cousas raras da maleta. Herbas secas gardadas en papel celofán. Estraños amuletos e papeis, como antigos, escritos con símbolos incomprensíbeis. Prendeuille lume ás herbas e afumoume con elas entoando un cántico monótono e absurdo. Creme que me custou moito traballo reprimir o riso. Eu leera acerca desas cousas, maxia e supersticións, vudú, santería e cousas semellantes, pero crer en todo iso paréceme ridículo. Despois da sorpresa e a reprimida hilariedade, empecei a sentirme un pouco incómodo, a temer que se lle ocorriese degolar un polo e orballarme co seu sangue ou cravarme alfileres nos testículos. Coa miña expresión máis seria, preguntéille qué estaba a facer, se era bruxa ou algo así, se se trataba dun rollo do seu país ou o aprendera na Universidade de Miami, onde teño entendido que poden estudiarse este tipo de cousas. Quizáis sexa unha crenza inofensiva, pero non podo evitar que se me poña a carne de pito, porque temo que a xente que as toma en serio non estea completamente nos seus cabales...”

“...”

“Claro que, algunha vez, recurrirán aos trucos de adivinazón, e xoguei a botarlles as cartas a outras mulleres, e faleilles de compatibilidades astrolóxicas para levalas á cama, claro que si; pero para ela semellaba demasiado importante... E o mellor de todo, non me vas a creer, é que non se trata dun rolo afrocaribeño como eu me temía, segundo me explicou, senón dunha especie de nova relixión chamada Wicca; unha relixión de orixe pagana e panteísta, algo que ten que ver coa volta á natureza e cos druídas (¿caería na marmita de pequena?, je, je...) É que, asómbbrate, en realidade ela é canadense, como Celine Dion, como David Cronenberg, como Terrance e Philip. Francocanadense. De Montreal. Do norte da vida en lugar do sur da vida. E o seu rollo latino inventouno en Miami coa complicidade de Osvaldo... Pero iso non é o máis alucinante: o máis alucinante é que cando folla síntese poseída por un tal Candanchú ou algo así, unha especie de espírito do aire, e toda aquela parafernalia fa dirixida a el, que semella unha especie de éxtase porque a fai ter orgasmos verdadeiramente increíbles. Adoita invocalo tamén antes de masturbarse. Ou sexa, que se cree unha feitizera canadense disfrazada de cantante latina capaz de encarnar un súcubo con propiedades afrodisíacas. O que vin vale millóns, podo facerme rico contándoo na prensa...”

“...”
“É curioso porque, aparte disto, a súa conducta no é a dunha tola; xa sabes, como todos eses actores de Hollywood que de repente se converten ao Hare Krishna ou a unha secta que predica a orixe extraterrestre de Xesucristo, ou cre nos poderes ocultos da mente e, sen embargo, continúan realizando o

–Acéndeas, rápido. Tés que ver isto.
–¿Que demo poñen a esta hora na televisión?
Non atopo o mando por ningún lado, acércome para poñela en marcha manualmente.
–¿En que canle? Só vexo unha imaxe borrosa dun tío... ¡Foder! ¡Se é Quico!
–Aínda non saben quen é.
–...A famosa cantante mexicana...
–¿Pilláronos? ¿Onde?
–Mallorca. ¡Tío, están tolos!
–...En dúas ocasións xunto ó seu aposto e misterioso acompañante...
–¿Aposto? ¡
–Quico conseguiu os seus minutos de fama. ¿Seguro que é ela a que sae agora?
–...Tentando pasar inadvertidos...
–Igual cansaron de agacharse e chamaron a prensa. Osvaldo vaise poñer como unha furia.
–Non vexo por qué. Quico di que o de Osvaldo é unha montaxe.
–Precisamente. Haberá pasta detrás.
–¿E quen nos asegura que agora non hai pasta detrás?
–...
–Escoita: vente ó bar. Podemos seguir todo o rollo por televisión.
–¿Qué rollo?
–¿Pero é certo que ti non ves a tele?
–Case nunca.
–Nin puto caso –quéixase Quico–, no me fixeron nin puto caso dende o momento en que chegou Osvaldo e comezou a falar cos xornalistas que estaban na porta do hotel agardando que saíramos.
–¿Non saíches con ela?
–Non o permitiron. Osvaldo chegou con dous ma-



seu traballo con absoluta profesionalidade”
“...”

“O caso é que despois da cea e o breve ritual (espero que non de fertilidade), o sexo, con Candanchú ou sen el, foi estupendo. Pola mañá pediume que saíse antes que ela e chamase un taxi dende un bar da beirarrúa de enfronte. Para dirixirnos a un novo hotel...”

*

–Ben, ¿e onde está hoxe Quico?
–Supoño que aínda con Charivari, en calqueira hotel. Escoitei a febre de fama nas súas verbas. Quizais marchasen da cidade, porque parece que ela levaba enriba unha morea de billetes nunha caixa de zapatos. Onte chamoume por teléfono e contoume o que che acabo de dicir. Despois chamoume Paul: parece que Osvaldo está realmente cabreado co asunto.
–Si, estivo onte no bar e case acaban mal. Histérico. Non cría que ningún de nós tivera novas do seu paradeiro.

*

–¿Estás vendo a tele?
–Non, ¿por que?
–¿Non a tes acesa?
–Xa che dixen que non.

tóns e un deles quedou conmigo mentres eles ían atender a prensa, levoume a outro cuarto e non me deixou saír até que todos eles marcharon.
–Ela dixo na televisión que estaba descansando soa uns días e que non tiña ningún acompañante, que se trataba de alguén que coñecera na cafetería do hotel.
–Agora non sei qué facer; se chamar a prensa pola miña conta, ou agardar a ver se ela se pon en contacto conmigo.
–En calquera caso –di Paul– fodíchesme un traballo de moitos cartos.
–Síntoo, tío.
–¡Bah! Non ten importancia. O máis probábel é que, de todos modos, non me elixisen. Irán filmar a Miami, onde contan con moitos máis medios.
–¿Cres que Osvaldo a levará a Miami?
–Se é certo o que dis, e ten medo que ela intente verte, seguro.
–Pode que non pague a pena ser famoso...
–E tamén pode que ninguén se crea a túa historia, que te tomen por un chiflado ou un mentireiro.
–Iso non ten por qué ser malo.

–Escoitade: acabo de coñecer unha rapaza idéntica a Christina Ricci.
–¡Encántame Christina Ricci!

.....
A foto de portada é de Xoan Anleo. A da páxina 2, de M. Bermejo

12 / AGOSTO DO 2004 - NÚMERO 527

rdL REVISTA
DAS
LETRAS



Coordinación: A.R. López e Soedade Nola.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo. Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxa.com

MÍSTER LÓPEZ & FRIENDS. Antón Riveiro Coello



A conquista da palabra

A cada volta, a escrita asústalle máis aínda que, nos últimos anos, estase a converter na acción central da súa vida. “Por iso gusto cada vez máis da postura romántica de vida marxinal e solitaria, que, por outra banda, é unha actitude certamente práctica”, confesa Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964): un dos narradores máis premiados e destacados das letras deste país para quen a escrita é “aventura”: “aventura –asegura– por esa xeografía sen límites do papel en branco que conquistamos coas palabras”. Autor de obras como ‘Animalia’ (2000), ‘As rulas de Bakunin’ (2000) ou ‘A esfínxe de Amaranto’ (2003), Riveiro Coello volve ao estraño e o insólito da experiencia cotiá, ao magma da intriga e o enigma, na indagación do seu propio ser. Porque, como asegura, se “Foucault dixo que se escribe para ser aquilo que un non é, eu escribo para saber qué é o que son”.

“Escribir é unha loita íntima, e cecais estéril, co tempo, pero que lle dá á realidade unha fermosa intensidade”. “Aínda que os escritores somos pombas mensaxeiras doutros escritores, temos que ter a vontade de inventar unha linguaxe propia, un idioma particular”. “A miña escrita sempre está apegada á terra que habito”. “O escritor ten que ser esencialmente rebelde”. “A memoria do escritor sempre é literaria. O tempo converte o pasado en material narrativo”. “Escribir é unha das mellores maneiras de perder o tempo ou, polo menos, das máis sensatas”. “Poida que estean inventados todos os temas, pero os xeitos de os contar son inesgotables”.



Mister López & Friend

Deep Purple será a primeira gran banda de rock que actúe na China en 55 anos, si, así reza un xornal a comezos do século XXI. Algo insólito, non só porque o Ministerio de Cultura chinés abra a man a esa contaminación espiritual que sempre lle supuxo o rock, senón tamén porque, na fotografía da noticia, un Ian Gillian con certa idade xa para andar nestas festas multitudinarias, empoleira un micrófono inalámbrico e mira de esguello para o guitarrista Steve Morse, único membro que non participou para no inesquecible *Made in Japan* e que substituíu ao meu ídolo daquela: Ritchie Blackmore. Trinta anos despois daquel disco mítico, acudían á China e este feito invocou na miña memoria un dos días máis emocionantes da miña vida.

Cando vin a fotografía, case anacrónica, preguntéime se o cantante aínda tería a mesma potencia na voz e se se lembraría de mister López e mais do seu amigo. Sen esquecer que pasaran moitos anos, puiden imaxinar un rapaz chinés de quince anos, impaciente e estremecido diante da posibilidade de presenciar un concerto do seu grupo favorito. Foime doado este pensamento porque eu tamén lera, había moitos anos, a nova de que Deep Purple ía actuar en España, máis concretamente no estadio Vicente Calderón, e lembro un arreguizo a me percorrer o corpo coa pegada dun lóstrego, sobre todo, logo de saber que o meu ídolo viría cos demais membros da banda. Naquel intre, mentres admiraba as fotos a toda cor da revista musical, dera en soñar que eu xa non era un adolescente e podería ir ao estadio madrileño coa miña cazadora de coiro e as chapas alusivas. Soñárao con tanta forza que axiña pasei da imaxinación ao desexo firme. E aínda consciente da súa imposibilidade, comezara a tecer a estratexia da que remataría por ser unha das máis arriesgadas aventuras para un rapaz de quince anos, que non só enganou aos seus pais senón tamén á férrea estrutura do internado salesiano. O certo é que o meu valor e a casualidade dunha excursión aos montes leoneses, organizada polos curas, favoreceron o meu plan: os salesianos creron que esa fin de semana eu estaba na casa cos meus pais e estes xurarían de contado, cos ollos pechos, que eu andaba por León, en me-

dio de carballeiras, endereitando a vocación relixiosa e recibindo clases prácticas de ciencias naturais. O que endexamais pensei é que chegase a estar tan preto del, ese semideus no que tanto me inspiraba: Ritchie Blackmore, si, nada menos, o músico que eu aspiraba a ser e que se convertera na miña vocación máis devota e, asemade, máis frustrada, porque eu non me conformaba con ser simplemente un famoso guitarrista de rock senón que o meu soño tiña miras de rozar a arte deste artista de Londres. Nunca devecín por algo con semellante paixón, e non minto se digo que hoxe o Nobel de literatura non tería para min tanta valencia como ter acadado, daquela, o dominio deste músico, que facía que a guitarra nas súas mans fose, ademais dun instrumento musical, unha expresión poética. E se ben o intentei cunha teima conmovedora naquela vella guitarra que tiña a ponte aberta e, polo tanto, as cordas demasiado afastadas dos trastes –o que facía da pulsación un doloroso e sanguento acto de encallamento–, apenas logrei un arremedo patético de *Child in Time* ou *Mistread*. Pensei, de primeiras, que era cousa da guitarra, mais cando tiven nas miñas mans unha eléctrica, imitación Stratocaster, souben que non era cuestión de práctica nin de aprendizaxe senón de talento, esa sorte de técnica e visión que se impón sobre o destino e a vontade dalgunhas persoas.

Como digo, a aventura madrileña coincidiu cos meus quince anos, que foi cando os nosos pais nos avalaron no empréstito que os catro membros subscribimos co banco para fundar o grupo de rock; fundar é aquí unha palabra excesiva que conviría mudar por montar, se me ateoño ao aspecto físico que tiñan os nosos concertos, nos que traballabamos a oito, antes, durante e despois dos mesmos. Non se me esquece a ilusión coa que carretabamos até os topes aquel vello Land Rover no que ían os bafles, a mesa de son e a marfallada de cables que logo nos víamos negros para desenredar.

As actuacións adoitaban ser en discotecas –non queríamos facelo ao aire libre para non exhibir a carencia de vatios do equipo– e o repertorio era do máis variado, e ía dende cancións propias, en cu-

xas letras cecais xa se agachase a miña vocación literaria, até versións de Santana, Scorpions, Police e, como non podía ser doutro xeito, Deep Purple. Tamén incluíamos o Ayatola de Sinistro Total, que causaba certo furor entre os nosos incondicionais— na súa meirande parte familiares e amigos pouco esixentes, con orella máis que ouvido— e que sempre a tocamos, agás o día da nosa presentación en sociedade, porque a esa actuación acudiron, amais das autoridades municipais, os nosos pais, e Roberto, o batería, negouse en redondo diante do respecto espavorecido que lle tiña ao seu pai. Lémbroo lívido, suorento, coas baquetas recoilidas entre as pernas, nunha actitude caprichosa, murmurando, entre a metralla dos aplausos veciños, a súa negativa a estrear unha canción que lle faría rincar os dentes ao seu pai por mor da carga pornógrafa da letra. E, en efecto, o Ayatola no me toques la pirola do grupo vigués caeu ese día do repertorio e, malia que as outras cancións eran moito máis ruidosas e talvez con letras máis obscenas, non había perigo de inmoralidade porque as cantabamos nunha especie de idioma inventado que aspiraba a se parecer ao inglés. Os músicos tiñamos todos o francés como lingua estranxeira no Instituto, e xa nos levaba o seu tempo aprender a música para detérmonos en miudezas memorísticas coas que calcar as cancións. Para ser sincero hei dicir que certo aire anglosaxón si se deixaba notar nas letras porque, cando o auditorio non tiña coñecementos de inglés, o noso idioma apócrifo campaba ás súas anchas, como o fixo en contadas ocasións con algunhas mozas ás que eu, aproveitando que a lingua francesa se privilexiaba nos colexios da provincia, lles cantaba impunemente, cunha especie de vómito bretón, pezas orixinais de Eric Clapton ou Mark Knoffler. Se me escoitan os xenios...

Quen si sabía inglés, como despois me demostrou en Madrid, era un ser memorable que repetía COU por terceira ou cuarta vez, ao que todos coñeciamos por Mister López e que, ademais do idioma, manexaba máis cartos que os propios profesores. Nacera nun barrio de Londres, onde os seus pais, emigrantes dunha aldea da raia, montaran toda unha rede de lavanderías que seguían dando tantos beneficios que lles puñan a volta cara. Así, Mister López, que só destacaba nunha materia, gozaba de luxos inalcanzables para o resto dos mortais do internado. O que máis lle envenxaba, daquela, era o equipo de música estereofónico que os curas lle deixaran instalar no cuarto, e envexáboo porque todas as noites, cando aos demais nos esmagaban co tedio musical de Paul Mauriat, el enchufaba os seus auriculares dourados e puña os discos de vinilo do noso admirado guitarrista. Por un compañeiro, soubera que Mister López gustaba de Uriah Heep e Deep Purple, e, non tanto para o facer partícipe das nosas coincidencias como para conseguir que me gravase algún dos seus discos, decidín unha achega que sería clave para a miña futura viaxe e o posterior encontro co meu ídolo.

Foi nun recreo. Crucei o patio coa guitarra ás costas e busqueino coa ollada. Estaba el, coma sempre, afastado dos demais, coa ollada perdida no río. Tiña as costas apoiadas no valado do campo de fútbol e fumaba cunha adulta desenvoltura.

Quedei a uns quince metros del, que nin sabía da miña existencia no colexio, e desenvaiñei a guitarra para tocar Smoke on the water.

O efecto foi rápido. Mister López mirou para min de esguello, cun tímido aire de sorpresa, e deu en camiñar cara a min. Coa súa proximidade, eu avertaba as cordas para acadar un mellor son e celebraba interiormente a miña estratexia, mais, cando fun quen de o mirar, percibín por tras dos seus beizos algo que quería ser un sorriso. Logo dun aceno de aprobación, acompañado dunha expresión en inglés, insinuou que, se lle daba unhas caladas ao seu cigarro, remataría bordando a canción. Eu, que nunca fora quen de tragar o fume daqueles Sombra que prendía diante das rapazas, intuí que a el non podía enganalo e, como desexaba facerme coa súa amizade, aceptei a oferta cómplice dese cigarro cónico e atrevínme a tragar o fume. Tragar, tragar, non é a palabra, porque case rebento por dentro coas caladas que fixeron nacer en min unha tose tan dramática como a que adoitaba atacar ao avó Fero cando arrefriaba. A miña candidez de inexperto provocou en Mister López un enorme sorriso, sen comparanza coa ledicia eufórica que se desatou dentro de min cando dei en sentir os efectos demoleedores do primeiro porro da miña vida. Latei a clases e sentín cómo Ritchie Blackmore se me metía no corpo de tal xeito que a mediodía entrei no comedor do colexio e, cunha perfección dixital, calquei Child in Time. Acto seguido, trouxei toda a comida—tampouco era ningún mérito que o estómago rexeitase aquelas lentellas acedías que nos daban no colexio—, e durmín na clase de Física e Química.

A severidade do castigo dunha semana sen recreo compensouno o premio da amizade de Mister López, que me gravou o Made In Japan de Deep Purple e tomou en serio a proposta de o acompañar ao Vicente Calderón.

Aos seus vinte anos había que sumar o seu aspecto de home feito e dereito. Gastaba barba negra e tiña na ollada un aquel de ameaza que impuña, e que tamén me reportou certa protección diante dalgúns abusóns de COU. Durante días buscáboo nos recreos para falarmos de música, follear revistas de rock e, sobre todo, deseñar o plan da nosa fuxida. Lembro con certa vertixe a ansiedade dos preparativos, e cómo a ilusión foi medrando dentro de min até que chegou o día, unha das xornadas culminantes da miña adolescencia.

Quedamos en nos ver fóra do colexio. El inventou que viñeran os seus pais e eu collín os meus escasos aforros e dúas mudas para ir, en teoría, cos meus.

Aquela mañá pesaba sobre os meus ombreiros unha tensa responsabilidade e camiñaba axexante, como un animal inqueda, con medo a ser descuberto, pero, en canto vin a Mister López na gasoliñeira, sen máis equipaxe que unhas gafas de sol e a súa moderna cazadora de coiro, acouguei. Acariñoume os cabelos cun aceno paternal e preguntoume se estaba seguro do que ía facer. Non lle contestei. Endurecín a ollada, puxen a artesanía violenta dunha pulseira de pinchos e a cazadora ategada de chapas, e, cunha voz que xa non era a miña, cantaruxei Mistread.





Fixemos a viaxe cun camioneiro que transportaba centos de marraus e nos martirizaba os ouvidos cunha cinta de Demis Roussos. Tiña a cabina decorada con pósters de mulleres espidas –creo lembrar entre elas a unha moza Illona Stanler, hoxe máis coñecida por Cicciolina–, e o peor xa non era o cheiro a porcino senón a súa manía de se tocar os xenitais mentres conducía. Non lembro cómo se chamaba, mais cando nos deixou nas aforas de Madrid sentín un alivio enorme.

Eu nunca estivera en ningunha cidade que superase o medio millón de habitantes e Madrid pasaba de lonxe. E non foron os altos edificios nin a colosal publicidade o que máis me chamou a atención. Foi o metro, ese animal subterráneo que perforaba as entrañas da terra e cuxa utilidade nos ía dar certa liberdade de movemento, porque chegamos con demasiada antelación, horas antes do concerto. Entramos na primeira boca de metro e, tras coller os billetes e escrutar todos os itinerarios posibles, baixamos onda toda aquela xente que se arremuiñaba diante das vías. Debía de ser hora punta porque, cando chegou o metro, rebordante xa de viaxeiros, semellaba imposible que puidese absorber toda aquela nova onda humana. E fíxoo, abofé que o fixo, pero nós, que non tiñamos présa, agardamos ao final e pecháronsenos as portas diante do nariz. Mister López quedou a mirar para min cun aceno de incredulidade, e o primeiro que pensei foi que perderamos o maldito tren subterráneo e que teríamos que mercar un novo billete. Non sei se o meu compañeiro de viaxe xa o sabía; a verdade é que fixen ben o ridículo cando, despois de lle preguntar a un neno xitano se debíamos pasar de novo polo despacho, o moi tunante berrou como se o esfolasen e dixo que cun billete abondaba para pasar a vida toda no metro. O bochorno foi total. A beiravía xa se nutría de novos viaxeiros pero, desta volta, o metro non nos pillou desprevidos porque Mister López e mais eu, para que ninguén se nos adiantase, xa nos puxeramos no fío das vías moito antes de que arribase o ditoso tren do inferno.

No corazón de Madrid, Mister López volveu a me convidar a unhas caladas dos seus cigarros cónicos e toda a cidade ofrecéuseme como un novo aditivo ao concerto. Toda ela semellaba estar pendente de Ritchie Blackmore. Había unha voluptuosa axitación nas rúas e eu sospeitaba que todo o mundo eslumecía pola chegada da hora. Mentres camiñabamos con ese aire despreocupado dos seres anónimos, eu apenas reparaba nos edificios nin nos monumentos. A miña paixón era apalpar, nos acenos da xente e nos perfís da cidade, o acto de preparación para recibir aos meus ídolos. Pasaban anciáns ao meu carón con cancións de Deep Purple nos beizos, e os policías municipais interpretaban no seu subíto a voz aguda de Ian Gillian. Reloucaba o sangue no meu corpo ao ver a todo o mundo concentrado del. E na miña ilusión, a cidade foime esmagando en espiral até que perdín o si e se me varreu o mundo. Tempo despois, case de noite, acordei sobresaltado á beira do río Manzanares. Ao meu carón, Mister López falaba en inglés cuns melenudos que viñeran ao concerto dende moi lonxe e, non sei se foi a emoción de ver o estadio tan preto ou os efectos aínda da droga, o caso é que me entrou unha compulsiva socialización e dei en falar con todo o mundo, rifando de música e propagando aos catro ventos que eu era o guitarra solista dun famoso grupo de rock galego chamado

Sacho.

Cando entramos no campo, eu fixera tantos amigos que mesmo esquecín a Mister López. Foi emocionante sentirse arrastrado por este mar de guedellas que axiña espallou, polas gradas e polo céspede, as ondas negras do coiro. Eu estaba tan impresionado que non sabía a que atender, e distraíame observando con certo temor a dureza dalgúns rostros que, máis que tirados das revistas estranxeiras, semellaban vidos do inferno. Non lembro o nome dos teloneiros, pero non se borrou da miña mente cómo soñei nese intre que nós, os Sacho, preludiabamos a Ritchie Blackmore. Apertando os dedos até a dor e concentrando todo o corpo nese xesto, eu executaba punteos ficticios e riscaba os vaqueiros coa unlla do índice, que facía de puga. E talvez os efectos afastados da droga fomentaron a sensación de me ver subido no escenario, porque a alucinación foi tan grande que, cando todos aclamaban a presenza dos membros de Deep Purple, eu ouvía por tras desa voz múltiple o coro dos nomes que eu escollera para os meus días de gloria, nomes, por certo, atinados, que nacían da elasticidade do meu nome verdadeiro, que ofrecía unha sorte internacional de combinacións poderosas en calquera idioma, facilmente intercambiables segundo a procedencia do auditorio: Tony River, Antoine de la Riviere, Tonino de la Riva... O terrible é que para triunfar se precisa algo máis que unha patonímica acertada e, malia que me custou baixar da nube, volví a tempo ao Vicente Calderón, xusto cando apagaron as luces do escenario e os berros do público cederon nas súas demandas. Foi un momento expectante. Fervía o campo de impaciencia e corría o murmurio como dun pranto. As brasas dos cigarros eran como avelañas a prender os rostros entre os que atopei un Mister López que semellaba debuxar un estraño sorriso. E, por fin, tras unha explosión de fume e o martelar atronador dun bombo avivando o ruxido dunha manda, comezou o concerto. A potencia dos primeiros acordes de guitarra fíxome estremecer o corpo todo, e axiña me vin asubindo e berrando como un tolo. Alí estaban os meus ídolos, borrados polo fume e unha distancia que semellaba infinita, anulándose co calafío prateado da súa música. É moi difícil unha explicación para esa sensación física, sensorial, coa que algúns vivimos a música. Hai algo orgásmico nese aloumiño eléctrico dos vatios atravesándoches o corpo e os ouvidos. Sentir a música, mental e fisicamente, voar nunha especie de transporte levitante que nos fai perder a conciencia do mundo e nos afonda no íntimo dos sentimentos, é un dos praceres máis sublimes aos que poida chegar o ser humano, pero tampouco está ao alcance de calquera. Estou certo de que, cando na discoteca meneabamos as guedellas e termabamos dos altofalantes como posesos, non todos sentíamos a música do mesmo xeito. No culto a Deep Purple ou a Judas Priest había nalgún dos meus contemporáneos algo de pose. Lembro con certa graza unha tarde dominical na que, mentres esperabamos con ansiedade o remate da música disco para o comezo da nosa sesión heavy, o pincha, sospeito que a mala fe, puxo unha canción de Los Pecos que comezaba cun par de acordes distorsionados, e un energúmeno, que se tiña por duro, viuse arrastrado á pista polo engano da música. Foi divertido ver cómo recollía os seus acenos lunáticos e se liscaaba, avergoñado, co rabo entre as pernas.

Eu si vivía a música, aínda a vivo, e este foi o concerto máis emocionante ao que xamais teña asistido. E malia que os meus gustos teñan variado até o punto de que agora non cambiaría a guitarra de Pat Metheny pola do mítico Blackmore, hei recoñecer que a paixón coa que vivín aqueles intres tivo unha especial contundencia, sobre todo, polo que aconteceu despois do concerto, cando, exhausta por la descarga de adrenalina, a marea humana comezou a abandonar o estadio como un campés demorado, e foi deixando polo camiño restos de porretas e borrachos cecais fulminados pola forza dos vaitos.

Foi algo que nunca esqueceréi. Mister López non deixara de fumar en toda a noite e, malia iso, exhibía un adulto acougo que a min me ofrecía confianza. Chamoume ao seu carón e presentoume dous melenudos, que aparentaban a trintena e que segundo el nos ían acompañar até o hotel onde se hospedaban os nosos ídolos, moi preto do estadio. A radio facilitara o seu paradioiro e anunciara unha rápida rolda de prensa ás dúas da madrugada nunha das salas do hotel. O primeiro que pensei foi que ao meu compañeiro de viaxe os efectos da droga lle tocaran o cerebro, pero, cando lle preguntei cómo tiña pensado entrar, respondeume cunha frase en inglés que ergueu o sorriso dos dous roqueiros, que se nos pegaran como dúas lapas, non porque confiasen na aventura que lles propuña mister López senón por seguiren fumando de balde toda a noite.

Fóra do estadio, caneamos algunhas liortas e subimos por unha avenida até chegarmos a un hotel. Varios periodistas, acreditados por tarxetas e trebellos, franqueaban unha entrada custodiada por un porteiro con librea e mais un mastodonte negro, con cara de non e cuns brazos que semellaban reventar nun estoupido de veas. Cunha curiosa resolución, cadrámonos diante deles. O negro mirou-

nos preguntou quen eramos, volveu xurdir aquel abracadabra milagreiro de Mister López & friende, como se nos coñecese de toda a vida, Ritchie Blackmore ignorou os periodistas e mandounos acompañalos a unha sala na que estaban todos os membros da banda, esgotados polo concerto e bebendo esvacoados nuns sofás de coiro que semellaban unha prolongación das súas cazadoras. Nunca me sentín tan importante coma nese intre. A vida saíame polos ollos xunta aqueles seres míticos que me regalaban os seus acenos para a miña eternidade: as mans de Jon Lord acariciándome o cabelo coma se afundise os seus dedos no teclado, a voz –agora rouca– de Ian Gillian ofrecéndome unha cervexa ou a man robusta de Ian Paice que, nun saúdo apertado, mesmo chegou a me facer dano. A ollada non me alcanzaba para abranguer todos os detalles dese intre e, como eu sabía pouco inglés, apenas puiden entender as palabras de Mister López cando lles explicou a nosa intención de os convidar a tomar unhas copas, ou cando pronunciou a palabra *sacho* e todos os meus ídolos quedaron a mirar para min cunha especie de admiración inversa. Tamén entendín a frase de Roger Glover que, agachado detrás dun whisky, interrompeu a leria do meu amigo para lle preguntar se ese seu acento afectado o aprendera na universidade de Oxford.

Rexeitaron amablemente o convite porque partían para Suíza, onde daban outro concerto ao día seguinte, pero agasalláronnos con dous discos asinados por toda a banda e unha púa de Ritchie Blackmore, que gardo celosamente na caixa dos obxectos memorables.

Horas despois, mentres compartiamos a boca de metro con vagabundos e borrachos nos seus apartamentos de cartón, Mister López contábame o traballo que lle levava explicarlles aos membros de Deep Purple o significado labrego da palabra



nos con hostilidade dende a súa fixeza de estatua e forzou na súa voz inglesa un acento provocativo que me intimidou moito máis que a cicatriz que tiña no encrespado arrinque dos cabelos. Mister López non se apoucou e tirou do seu repertorio unhas afectadas frases en inglés nas que solicitaba falar con Mister Blackmore. O mastodonte executou un aceno como de dúbida e interesouse polos nosos nomes. E non sei se foi o acento inglés ou o pulso de orgullo frío que puxo na voz, pero, cando o meu acompañante pronunciou aquel Mister López & friends con aquela fidalga sonoridade, o negro tomouno en serio e desapareceu por un intre.

De alí a un nada, e para sorpresa de todos, o negro, cunha expresión dobregada pola incerteza, deixounos pasar a Mister López e a min. Conducíunos por un corredor mal iluminado, e desembocamos nunha sala ategada de periodistas armados con microfónos que me fixeron sentir o peso das súas olladas. Non daba creto ao que me estaba a suceder e supoño que todos viron o abraio na miña cara de neno, sobre todo, cando o meu ídolo, cunha toalla ao pescozo, xurdiu dun cuarto para desatar preguntas atrapalladas dos periodistas, que non deixaban de pulsar o seu nome de pila: Ritchie, Ritchie..., como se o coñecesen de vello. E nese intre de confusión, o meu querido compañeiro empuñou unha voz fría e violenta que remontou poderosamente todas as voces e acaparou a atención do guitarrista. Aínda hoxe non me explico esa achega absurda e impensable, e quero pensar que foi por mor da xentileza e do tratamento deferente co que o meu amigo acariciou as palabras Mister Blackmore, porque, cando o guitarrista londinense

sacho. Perdido nunha sorte evanescente, eu soñaba con que algún día eles recoñecerían o meu nome nas revistas internacionais de rock. Estaba convencido do meu triunfo como guitarrista e, dende os dezaseis até os vinte e dous anos, non perdín a esperanza. Compuxen metálicas cancións e entregueime no escenario emulando a Ritchie Blackmore. Foi Mar, a que hoxe é a miña compañeira e tamén a responsable de que rematase por me dedicar á escrita, quen frustrou a miña carreira musical, porque a primeira noite que lle toquei á guitarra unha canción que compuxera para a ocasión, a moi condenada quedou durmida. Houben de lle escachar a cabeza coa guitarra –esa arma ás veces tan cativadora–, mais ela xustificou a súa actitude alegando que adoitaba durmir coa boa música. E malia que me tivese gustado crela, non o fixen e deixei que o meu futuro roqueiro esmorecese con aquela canción solitaria.

Xa pasaron moitos anos da noite do concerto –resulta curioso imaxinalos actuando hoxe na China–, e na lembranza aínda se me enreda a emoción de ter tocado o corazón dun soño en compañía daquel ser misterioso e memorable chamado Mister López, que non tiña no colexio máis amigos ca min e ao que a heróina houbo de fulminar unha fría noite de inverno. Mais el era unha persoa intelixente, que sabía o que facía, e negouse a formar parte da xeración perdida –hoxe dirixe en Londres unha sonada entidade bancaria–. O que si sinto é ter perdido o contacto con el porque era a única persoa que podería ratificar a orixinalidade da puga e das sinaturas que Mister Blackmore & Friends deixaron impresas na portada do disco.

E CHEWBACCA BAIXOU Á TERRA.
Anxos Sumai

Para Anxos Sumai (Catoira, 1960) a escrita é humilde, normal: “case como cociñar”. Manteno no bulir e o compás de diferentes fases que, noutros momentos, a levaron a sentir as letras nunha liña máis terapéutica ou creativa. Sumai non escribe a man dende hai tempo. Anda ao pé do ordenador, co que traballa dende os anos oitenta. Ho-

O soño da palabra xusta



xe está ‘de garda’, como todos os días e meses do ano, vertendo “o seu” en pequenas pímulas que deron forma a ‘Anxos de garda’ (Edicións A Nosa Terra, 2003), co que mereceu este mesmo ano o Premio da Crítica de Galicia. Anda sobre o teclado que golpea –como confesatan rápido como o ritmo do seu cerebro. Letrista de grupos de rock and roll e guionista de banda deseñada, non cre Anxos Sumai –unha das primeiras mans que lanzou o seu blog de autoficción na rede– na escrita como canon: “hai conceptos que me dan igual”, mantén ela fronte á intelectualización da escrita ou da vida, ao tempo fai entrega dunha doce tenrura coa que retrata os dous mundos nos que se move: o rural e o urbano, ámbitos das súas entregas en Internet dentro da web de culturagalega.org. Porque nela a natureza fai catarse: remóvea como os textos de Alvaro Cunqueiro, Blanco Amor ou de Pizarnik, sendo como é apaixonada da literatura –non só como escritora senón como lectora– mentres se abre a procura da palabra xusta que, comenta, “é o meu soño”. [Foto: Manuel Blanco]

“Necesito deixar constancia por escrito do que pasa arredor meu: sobre todo no rural, como se fixera fotos”. “Na escrita, reinterpretar a realidade: doulle mirada diferente ao que sucede”. “Non me resulta doado compatibilizar o mundo rural e urbano: no rural está a familia de sangue, no urbano está a vida que elixín”. “A miña relación coas tecnoloxías é cariñosa. A pantalla protexe e illa a cara: sentes a valentía do ser anónimo para poder escribir o que sexa e perder o pudor”. “A rede non entra en competencia co formato libro. Internet non é máis ca un gran libro, un gran libro universal”. “Boto de menos unha maior tradución ao galego de obras universais”. “A natureza emocióname e, ás veces, dime máis unha árbore que algunhas persoas coas que cruzo”.



E Chewbacca baixou á terra

No medio da leira de millo cheiraba a tortilla e a pementos fritos e deixouse guiar por aquel ulido para atopar a porta da cociña. A súa nai, de costas, remexía a comida no lume do butano.
–¡Mamá!– chorou a nena.

A nai virouse cara a ela e guindou o chan a escumadeira que tiña na man.

–Miña meniña– dixo e correu a abrazala.

A súa nena tiña seis anos e faltáballe un zapato e o vestido de flores estaba totalmente esgazado. Vomitaba terra e unha gran ferida na cabeza descolgáballe as trenzas do pelo ata a altura do ventre. A nai colleuna no colo e sentou nunha cadeira, arrolándoa como a un bebé, cantándolle nanas como a un bebé, chorando sobre a boca aberta da nena que era xa un escuro niño sen paxaros. E así a atopou Manuel cando chegou do porto, abrazada ó cadáver da nena mentres a comida ardía sobre os ferros da cociña. E así a deixou cando anos despois marchou da casa, embarcado, fuxindo daquela dor inconsolable.

Pero todo isto aconteceu antes de que Chewbacca chegase ó barrio, antes de que os campos de millo desaparecesen e se construisen os edificios baratos entre o porto e a casa, que quedou asfixiada alí no medio. Iso aconteceu hai moitos anos e cando Manuel regresou, xa vello, a casa seguía en pé e Herminia, a súa muller, aínda vivía pero non tivo

valor para vela. Preguntoulle por ela a Chewbacca, que se instalara na beirarrúa á sombra do gran magnolio do xardín.

–E logo, ti, ¿ti sabes algo da muller que vivía nesta casa?

Dentro da casa escoitábanse ruidos mínimos, pasos lentos, cotiáns, e o tráfego de louza na cociña. Era a hora de comer e cheiraba a pementos fritos. Chewbacca colleu un papel e debuxou o porto, a praza, os edificios que bordeaban a estreita rúa que subía ata o parque, e a casa vella e asfixiada. E, dentro da casa, trazou inseguro as mans dunha vella a cociñar. Tamén lle deu unha rosa de papel. Manuel baixou a mirada, colleu o debuxo e mais a rosa e marchou renqueando ata perderse no parque, cargando enriba súa o infinito buraco de todos os océanos que navegara.

Chewbacca sentou na súa cadeira como todas as mañás e esperou a que rúa comezase a vivir. Nunca chegara tarde en todo o tempo que levaba apostado diante da casa e iso que ninguén o obrigaba a estar alí e non parecía que tivese nada importante que facer. Pero gustáballe chegar antes ca ninguén polo simple pracer de ver como esperaban os comercios, como os grandes ollos do restaurante se esperguizaban, como bocexaba a entrada da tenda de alfombras do vello Hedi. Esa ma-

ñá, cando sentou debaixo do magnolio, comezaba a ascender o día dende os barrios do leste e había algunhas pozas de auga no chan nas que el creu ver peixiños de cores. E non eran máis que simples pozas de auga enlodada coas pegadas diluídas dos camiñantes da noite. As pegadas diluídas baixo a chuva e algunhas follas caídas rodeaban a súa cadeira e a pequena mesa de praia na que colocaba as carpetas de debuxo e os lápices e as acuarelas conforme a unha orde escrupulosa. Diante da tenda de flores de Lola comezaba a caer timidamente o primeiro sol do día. Volveu a cabeza cara ás ventás da casaña abafada entre os edificios novos, nun xesto mecánico que repetira durante anos. Pero nada: había tempo que ningún abría as contras, que ningún descorría as cortinas e xa non se escoitaban sons miúdos e apagados na cociña. No xardín fóranse amoreando as flores podres e as silveiras comezaban a inzar os valos de cemento. Mirou despois cara a todas as tendas aínda pechadas. E esperou mentres debuxaba o mundo como se estivese sentado nunha nube.

profundo recendo a azar como se fose un perfume, e deixaba despois que os piñóns macerasen un tempo na infusión quentiña ata que se inchaban e absorbían o sabor do mel e o ulido das flores. Cando pasaba onda Chuwacca preguntáballe todas as tardes o mesmo:

–¿Como che foi o día, fillo? Si, ¿como che foi? Si.

E Chewbacca respondía ben, si, o día foi ben, si. E dáballo o seu debuxo. O debuxo que facía de Hedi era o porto, a praza, os edificios que bordeaban a estreita rúa que subía ata o parque e un círculo negro que era a cabeza do tunecino sobrevoando a rúa nunha alfombra colorida. Hedi era o único que coñecía o segredo de Chewbacca; era o único que sabía o que quería dicir exactamente cando lle preguntaban de onde era e el sinalaba o leste, o ceo do leste. E nunca dixo nada, discreto, reservado, como se compartisen a solidariedade de viren os dous de lugares estraños. Tamén chegaran os dous moitos anos despois de que as leiras de millo fosen arrasadas polas escavadoras. O mesmo que Milen.

–¿Que debuxas, fillo? Si, ¿que debuxas? Si –preguntoulle Hedi a primeira vez que se atopou con el. –Cousas pequenas. As grandes non me caben no papel –respondeulle Chewbacca como se lle estivese explicando á súa nai por que tiña as mans manchadas de lixo.

Hedi, o vello tunecino vendedor de alfombras, era o primeiro en abrir o negocio. Como vivía enriba da tenda só o vía cando saía colocar a mercadoría na beirarrúa e o saudaba coa man, movéndoa como se en vez de lle dar os bos días se estivese despedindo del. Despois perdíase dentro da tenda e era raro que o volve se ver ata a tardiña, cando pechaba o negocio e baixaba dar un paseo pola praza e a tomar un té con piñóns no restaurante que Milen e Daniel abiran xusto en fronte da florería de Lola. Milen, o camareiro búlgaro que tan ben dobraba os panos de mesa, aprendera a preparar o té da maneira que a Hedi lle gustaba: adozado con mel, cun

Milen era búlgaro, o camareiro búlgaro que atendía o restaurante e que facía figuras preciosas cos panos de mesa. Facía barcos coas velas despregadas, peixes, cisnes e botiñas de fada; facía estrelas e toda clase de flores e paxaros; facía espadas e calcetíns. Cun simple aceno como ese, Milen conseguía que os clientes que sentaban a comer nas corenta cadeiras do restaurante risen un pouco cada día.

–Chhhhssssst –díxolle Milen levando un dedo á boca e sorrindo. Estaba borracho e a Chewbacca molestoulle un pouco o bafo quente que lle deixou apegado á cara. Pero Milen sorría.

Milen tiña un sorriso curioso: alongábaselle a boca na cara, pero non acambando cara arriba como sería o normal, senón que se lle prolongaba horizontalmente nas fazulas rosadas e redondas e movíanselle os ollos negros como grans de café nun muíño. Tamén tiña un segredo, aínda que co





paso do tempo o segredo de Milen ía sendo cada vez máis coñecido. Os venres pola noite deixaba a Daniel no restaurante limpando e facendo a caixa e el marchaba de festa. O primeiro sábado pola mañá que Chewbacca o viu á volta dunha noite divina, Milen achegóuselle por detrás. Díxolle chhhhssssst levando un dedo ós labios e Chewbacca quedou calado.

–Ti non digas nada –volveu insistir e deixoulle no colo unha rosa feita cun pano de papel. Chewbacca recoñeceu polo seu sorriso horizontal. Pero agora son cada vez máis os días en que Milen volve arrastrando os pés e, ás veces, como esta mañá, camiña renqueando cun vestido de abeloiros vermellos totalmente descolocado sobre o corpo. Rompéralle un tacón e camiñaba cun pé descalzo e un zapato na man. Apesta a alcol e levaba o rímel corrido e unha gran bágoa negra e resesa deixáralle un regueiro amargo na cara. Nunca antes o vira tan triste, tan borracho e tan feito unha merda.

–¿Que vas facer hoxe, Milen? –preguntoulle e gardou a rosa de papel entre os seus debuxos.

–Hoxe –respondeu Milen movendo o zapato de tacón no aire? vou facer corenta zapatitos coma este, escangallados.

Deulle un bico como se el, Chewbacca, tivese un niño baleiro na boca. Antes de entrar no restaurante saudou a Marga, que baixaba coa melenha bailándolle debaixo do sombreiro.

–Corenta zapatitos sen tacón. Chhhhssssst...

As únicas que coñecían os campos de millo e a traxedia da nena violada e asasinada eran Lola e Marga. Marga daquela era unha meniña tan pequena como a nena morta e medraba chea de luz nunha casa de pescadores onda o porto. Lembra a historia como se fose unha oración que tivese que aprender de memoria para non esquecer nunca e para sobrevivir. Aprendeuna nas doas do rosario da súa nai, na advertencia histórica de non achegarse nunca a aquel territorio deshabitado que separaba o porto das pequenas casas unifamiliares que cerraban a cidade. Pero nunca soubo que fora dos pais da nena, nin sequera recoñeceu a Manuel cando o viu falando con Chewbacca, nin sequera sabe que aquela casina asfixiada entre os edificios, na que Chewbacca fai garda permanente, é a casa da nena morta.

Marga sempre parece alegre polas mañás, medio agochada debaixo dun sombreiro de palla no verán e dun gorriño de lá no inverno. Ten o pelo negro, bailarán, debaixo dos chapeus. Ás veces apa-

rece cos ollos chorosos e cando chegou pola mañá tiña o nariz tapado cun esparadrapo. O imbécil de Pepe, o carnicero, preguntoulle se lle zoscara o seu home outra vez e ela enfadouse.

–Foi unha gaivota –dixo Marga cando veu todas as miradas espetadas nela.

–iNon amoles, tía! –berroulle Lola– Unha gaivota... Non amoles...

–Foi unha gaivota –insistiu ante a incredulidade de Lola e as risas do carnicero.

Estaba durmida e espertou porque algo a fixo espertar. E viu sobre a mesa de noite unha gaivota preciosa, grande, inmóbil que a miraba fixamente e pensou: "Vaia, debe ser o último invento de Xurxo". Cando se metera na cama, Xurxo, o seu home, aínda non chegara e pensou que lle deixara aquela cousa alí mentres ela durmía e creu que aquela cousa inmóbil, grande, que a miraba escatalada, era un lámpada. Atoutiñou na pouca claridade que entraba pola ventá aberta na procura do interruptor da luz e entón o gran pico da gaivota lanzouse sobre o seu nariz e despois liscou pola ventá. Xurxo non volvera aínda e xa comezaba a subir o día dende os barrios do leste. Iso foi o que contou Marga e o carnicero metuse na súa tenda incrédulo e Lola disimulou o desprezo acomodando unha mancha de liliuns nun caldeiro.

–Foi unha gaivota –insistiu cos ollos fendidos en anaquiños. Achegouse a Chewbacca e preguntoulle se vira o seu home.

El díxolle que non e ela púxose triste. Teríalle gustado poder mentirlle pero non foi capaz e regaloulle un debuxo do porto, da praza, dos edificios que bordeaban a estreita rúa que subía ata o parque e ela vista dende arriba, cun sombreiro de palla na cabeza e un gran nariz cuberto cun esparadrapo. Marga riu un pouco e entrou no restaurante a almorzar. De costas víanselle os ombreiros furados, metralhados, vellos. Había anos que deixara de amosar a súa dor. Nada ía cambiar, ¿non si, Chewbacca? Nada ía cambiar por moito que amosara a súa tristeza. Prefería sorrir todas as mañás debaixo do sombreiro. Se sorría escorrentaba o desprezo.

–iJoder! O cabrón parécese a Chewbacca –berrou Lola despois de botar todos eles unha morea de tempo arredor daquel tío elegante, aseado, cunha mesta pelaxe vermella, que sentaba dende había uns días diante da casa da vella Herminia.

Lola nacera alí, no tempo das leiras de millo. Marchara o verán seguinte á morte da rapaza e vol-

vera moitísimos anos despois, cando xa ninguén se acordaba dela, e puxo a florería. Lola tiña unha rechamante melena branca, lisa, longa ata as cadeiras e sempre vestía de branco, como unha morta. Chewbacca asustábase cando a vía aparecer pola mañá na porta da tenda cos brazos cheos de flores e un mal humor que pretendía disimular cun sorriso forzado. Parecía unha máscara, porque incluso a súa cara, debaixo da maquillaxe excesiva, estaba pintada de branco. E usaba guantes brancos todo o ano e zapatos brancos. E a súa tenda, se non fose pola cor das flores, sería po de ósos moídos ou fariña de millo chea de bichocos brancos ou plumas brancas de gaiyota morta.

A Chewbacca Lola non lle gustaba, estaba claro, e cando a debuxaba debuxaba o porto, a praza, os edificios que bordeaban a estreita rúa que subía ata o parque e nada máis. Como se Lola fose transparente ou invisible, que tanto ten. E sen embargo fora ela quen lle puxera o nome, porque de toda a xente que había no barrio só Lola, Hedi e Marga estaban alí cando el chegou, hai xa moitos anos. Apeñas falaba daquela, non respondía cando lle preguntaban o nome e, se lle preguntaban de onde viña, el sempre sempre sinalaba o ceo, o leste. O ceo do leste. E despois estaban aqueles debuxos perfectos que facía da cidade como se a estivese vendo dende unha nube, e a súa incapacidade para debuxar unha persoa de fronte. E Lola escarallouse de risa e dixo:

tea da gran torre e entón entendeu por que Chewbacca debuxaba o mundo como se estivese sentado nunha nube. Volveu á súa rúa empinada conducindo de vagar, gozando das paixases urbanas nas que sempre temeu introducirse e sentindo na boca das tripas a calidez do segredo que nunca compartiría con ninguén. Viña do leste, claro, do ceo do leste.

—Entra fillo. Si. Chove. Si —a Hedi gustáballe sentir o recendo dos rañaceos prendido no pelo de Chewbacca cando, nas mañás de inverno, se acubillaba na cálida tenrura das alfombras.

—¿Víchela esta semana? —pregúntalle Manuel ignorando o estado do xardín, a pintura das portas cerradas que comeza a escachar. Ignorando o silencio, triste e profundo da casa.

Chewbacca non sabe mentir. É como un neno pequeno. Chegou a aquel barrio como puido chegar a calquera outra parte. Un día, hai xa moitos anos, aventurouse a deixar a Torre Branca e camiñou e camiñou. Canso e fomento, despois de andar unha mañá enteira, subiu unha rúa empinada que comezaba nunha praza e remataba nun parque, unha rúa con edificios baratos e unha casiña abafada entre eles. Da casiña saía o enxuloso ulido a tortilla e a pementos fritos. E uliulle a felicidade. Entrou na cociña sen petar na porta e sóbolle a a



—¡Joder! O cabrón parécese a Chewbacca, o extraterrestre da Guerra das Galaxias.

A el fíxolle graza o nome e sorriu e por iso todo o mundo lle chama agora así e tanto lle ten. Aínda que Lola non lle gusta nada. Prodúcelle o mesmo desacougo que un carrusel no que dan voltas nenos invisibles ou transparentes. Ou brancos. ¿Que máis ten?

—Entra fillo, si. Entra. Chove, si. Si.

No inverno, cando vai moito frío e chove, Hedi, que é o primeiro en abrir a tenda, déixalle botar o día entre o ulido das alfombras. Deixa que se mova por onde queira, ou que quede quieto se lle peta na entrada da tenda. Non falan moito entre eles. Enténdense máis nos silenzos que nas palabras, nos calados afectos que, como bolboretas alegres, se botan a voar cando as unllas das mans acaban. É unha tenrura silenciosa. Í principio de todo, cando Chewbacca chegou á rúa, levaba na man unha pulseira co seu nome e un enderezo, como se fose un can de raza. Unha mañá Hedi atopouno tirado no chan, coa cabeza nunha poza na que se diluían os pasos dos camiñantes da noite. Onde el vía peixiños de cores, só había cagadas de cans e un vómito de sangue.

Hedi viuño alí tirado, meteuno no coche e atravesou con el a cidade, ata o leste, ata os rañaceos. Parou o coche diante da Torre Branca e, mentres dous gardas axudaban a Chewbacca a entrar no edificio, el subiu coa mirada, piso a piso, ata a azo-

mirada daquela velliña que, cunha escumadeira na man, lle dixo:

—Miña meniña. E volveches...

E a vella non veu o grande que era el, o vermello que era o seu pelo, o inabarcable do seu corpo e, con todo, abrazouno e fixo que el se sentise pequeno e habitase un niño que abandonaran os paxaros moitos anos antes. E alí quedou, vixiando todos os días a casa de Herminia, acubillado debaixo do magnolio. Nin sequera marchou cando ela morreu.

—¿Víchela esta semana? —pregúntalle Manuel cando aparece camiñando pola rúa arriba.

El non minte. Simplemente cala o que sabe. Simplemente, en lugar de lle dar un debuxo do porto, da praza, dos edificios que bordeaban a estreita rúa que subía ata o parque e do coche fúnebre no que levaron a Herminia, dalle a rosa de papel que Milen lle deixa no colo ó regreso das súas noites divinas. Non di nada, á fin e ó cabo tanto teñen os amores imposibles, os medos que non desaparecen en mil séculos, as nenas mortas ou as historias que leva gravada a xente na mirada. Hai millóns de historias así, millóns de pasos diluídos na chuvia. El viuñas todas dende a Torre Branca. Por iso pode debuxar a cidade, a gran cidade, perfecta, liña a liña, rúa a rúa, pero non pode debuxar de fronte a ninguén. Non sabe qué facer cos universos que asoman detrás de cada pestanexo.

—As cousas grandes non me caben no papel.

—Non caben, non. Si, non caben. Si...

26 / AGOSTO DO 2004 - NÚMERO 529

rcl

REVISTA
DAS
LETRAS

SEGREDOS DO MAR PRESENTIDOS
TRAS DOS OLLOS. Xavier Queipo

2 | **rcl**
Galicia Hoxe 26/08/04



Na súa escrita reflíctense as súas obsesións, a súa historia persoal e a interacción cos diferentes contornos nos que lle foi dado vivir, os seus intereses, as súas debilidades e todo o que constitúe a esencia do seu carácter: “coas súas luces e sombras”, confesa Xavier Queipo (Santiago, 1957): un contador de historias –como el mesmo se define– que fai un intento de renovación en cada nova entrega. “O meu banco de traballo é unha factoría de ideas, que logo se materializan en opcións estéticas distintas” apunta este autor total –poeta, tradutor, narrador, ensaísta– a quen lle interesa cada vez máis a poesía – que pola súa dificultade estrutural a considera “un xénero de madurez e síntese” – aínda que polo de agora se sente máis á vontade no campo da prosa. Nel irán xurdindo ideas, emocións, análises, experiencias: “en definitiva, todo o que constitúe a esencia da vida e o por qué vale a pena ser vivida”. Dito iso, este premio da crítica española por ‘Ártico e outros mares’ (1990) comenta que xa ten catro libros rematados, tres en estado de corrección de probas, anunciados para este outono (‘Glosarios’, poesía en Espiral Maior, ‘Os ciclos do Bambú’, contos en Gala-

Posición contra o silencio

xia, e ‘O espello e o dragón’, literatura infantil en Edicións Xerais). Tamén unha novela que o autor de ‘Ringside’ ve obvio non dar o título, pois espera “a sorte dun xurado, de preferencia non conservador e medoñento, para aspirar a ter un premio”. Claro que cando Queipo, instalado en Bruxelas, pensa no país radiografa dúas sociedades, ou cando menos dúas culturas diferentes: “a castelá e a galega, totalmente inmiscíbeis como auga e óleo e que se despreocupan unha da outra e viceversa, que se ollan de esguello, cando non se odian ou desprezan”. E pensa: “a burguesía, que é a que le, é maioritariamente castelán-falante ou analfabeta funcional en galego. Daquela, o noso labor é silenciado cando non ridiculizado polas clases dirixentes do país (medios de comunicación incluídos, salvante honrosas excepcións, non sempre inocentes nos seus obxectivos)”. Definir cara a onde vai a sociedade galega non lle resulta doado. “A sociedade na que vivo non é a galega, aínda que alí (aquí para quen o lea) están os meus alicerces e as miñas querencias mais sentidas”. Home de mares engaiolantes, fala dun país, o seu, de varias esquizofrenias, das que non é a menor a cultural.

“A escrita é para min unha forma de psicoanálise permanente, coa vantaxe que non lle teño que pagar ao terapeuta”. “A escrita é tamén unha forma de renovación interior, por iso non me interesan nin medio eses escritores que sempre escriben variacións sobre o mesmo tema”. “Espero que a miña literatura non siga un camiño preconcebido, que é o que espero para a miña vida. Non soportaría ter os días pautados ata o meu tránsito final, como non soportaría ter un proxecto literario perfectamente estruturado”. “No panorama cultural do país galego boto de menos a propia existencia do país”. “Levo exiliado dende que o actual presidente collera o poder, e espero poder voltar e traballar na terra o día no que se resolva esa anomalia democrática”.

Segredos do mar

prendidos tras dos ollos

rcl | 5
Galicia Hoxe 26/08/04

Xavier Queipo

[I: Os puntos cardinais]

Para a meirande parte de nós todos, educados timidamente como animais terrestres, os puntos cardinais son claramente catro, a saber, o Norte e o Sur, como puntos fixos nas extremas do eixe da Terra, e o Leste e o Oeste, segundo se dirixa a ollada cara ao sol nacente ou ao solpor, nun planeta rutineiro que sempre xira no mesmo sentido.

Para os epicúreos de novo selo (permiñanme que me inclúa tamén nesta categoría, aínda que só por estacións), os puntos cardinais son, coa mesma certeza, cinco. A saber, a vista, que permite contemplar as marabillas da natureza (seres humanos incluídos, de todas as cores posibles); o gusto, co que ben podemos apreciar sabores exóticos e cotiáns; o olfacto, tan sutil no seu refinamento malia que case atrofiado pola mestura de gases queimados que respiramos a cotío, o oído, revelador de sinais de axuda e de chamada, de músicas en todos os tons imaxinábeis e berros de desacougo ou de ledicia, de celebración ou de rexeitamento; e finalmente o tacto, o sentido máis nostálxico, que alivia os momentos de cegueira íntima.

Para os seres mariños (dos que quixera ser parte nun futuro, ou dos que se cadra sinto a chamada dos antepasados pulmonados), nados nas rías ou habitantes do océano mundo, os puntos cardinais son certamente seis, pois aos catro xa referidos para os animais terrestres, engádese un terceiro eixe de referencia que vai dos fondos abisais onde habitan os peixes lanterna á superficie dos océanos, onde aboia placidamente o plancto.

Finalmente, para os navegantes (entre os que por tal me teño polos periplos pasados e futuros, verdadeiros ou falsos sexan eles), sete son os puntos de referencia, pois sete son os mares que sucar habemos para circunnavegar o mundo. Os que din océanos non admiten discusión: o Ártico das auras boreais, o Antártico dos pingüíns e o continente xead; o Atlántico, que din agocha, no seu seo de simas e de cristas, múltiples cidades somerxidas; o Pacífico, onde Magalláns deixou de ser cunha lanza atravesándolle o peito, e finalmente o Índico, que sucaran os Waqwaq fuxindo da miseria ate chegar ás costas de África. Dos outros dous mares, que farían o total de sete, coído que o Mediterráneo é con seguridade un deles, polos mitos e lendas que nel se alimentan. O outro, se me permiten a manifestación de ignorancia, nunca souben se sería o Mar Negro, que ten na encrucillada cultural de Constantinopla a súa saída natural, o Báltico, que se pode camiñar nos invernos máis fríos, o Mar da China, inzado de xuncos e sampáns ou ven o Mar Vermello, onde entre fondos de coral, contan que

Moisés abriu as augas coa axuda dun caxato. Permiñanme que por lei ao meu señor Don Álvaro Cunqueiro, sexa fiel ás ondas do Mar Vermello, nas que o vello Sinbad navegou ou fabulou que navegaba na procura da Illa das Cotovías.

Como poden imaxinar polo antedito teño a inmensa sorte de que as miñas coordenadas varíen segundo a percepción do día. Así podo ter días des-norteados e días abisais, aboiar na superficie fluída ou desexar o sur como referente exótico, soñar cos ollos postos no sol nacente ou sentir o tacto agradábel da brisa chegada do poñente, escoitar a música das ondas do Mar de Vigo ou sentir a chamada das baleas do Pacífico, que un día me achegara prendida das ondas da escrita de Conrad ou Coloane. Convidolles de corazón a que muden de coordenadas e sexan libres, e abertos a gustos e expresións diversas. Velaquí a celebración dos cinco sentidos cardinais e dos tres eixes que delimitan formas e deseñan un espazo de liberdade. Velaquí a miña contribución, estas sete notas sobre os sete mares, que espero que lles gusten de vez e lles abran as portas da percepción. Para que sexan felices. Para que sexan libres. Para que celebren como ben propio a liberdade dos outros. Para que sexan bos e xenerosos.

[II: Ártico]

Os Golfiños Intelixentes das Latitudes Boreais.

Hai milleiros de anos, o xeo avanzou do Polo Norte na dirección do Ecuador cubrindo chairas e montañas, xeando mares enteiros e lagoas, progresando inexorable nunha vertice de frío e desolación.

No tempo da procura das pasaxes á India polo norte, cando os holandeses estableceran a súa primeira factoría baleeira nas illas de Spitzbergen, hai noticias escritas nos cadernos de bitácora de Cornelius Rijsp e de Wilhem Barents dunha especie de sereas dos mares árticos, de peles abundante e nadar fácil, de linguaxe de asubíos e hábitos anfíbios.

O Barón Carl Von Hagman, que so tivo noticias das tales sereas polas referencias apuntadas e que nunca puido observar un exemplar, decidiu bautizalas, xa ben entrado o século XIX, como Sirenius cianeus, Von Hagman 1824, nome que conservou en todas as referencias posteriores.

Non é sen embargo ate ben entrado o ano 2002 no que aparece a primeira referencia científica precisa, que describe o holotipo dunha nova especie para o mundo, o Delphinus charramangueirus (Queipirinha & Castinheiras, 2002). O exemplar descrito polo miúdo foi atopado nuns depósitos de ámbar no Mar Báltico, polo mariñeiro portugués Joaquim Castinheiras de Figueiredo Torres, natural da vila algarvía de Cabanas de Tavira e residen-

te, cando en terra, na cidade brasileira de São Salvador da Baía.

O traballo científico está asinado polo profesor de Paleontropoloxía da Facultade de Ciencias da Baía, Doutor Carlos Queipirinha de Todos os Santos Goraz, sabio heterodoxo que recibira o exemplar en ámbar de mans de Joaquim Castinheiras.

A descrición que do tal *Delphinus charramangueirus*, fai no seu traballo o Profesor Queipirinha é como segue:

“Corpo alongado e lanzal, con máis aspecto de fuso que de bocoi. Cuberto de pelo en toda a súa superficie agás nos cabos das extremidades, que son lampas. O pelo varía de cor segundo a rexión do corpo, sendo azulado nunha crista que lle percorre dende a fronte ata onde o espiñazo se transforma nunha cauda poderosa, vermello con riscas escuras no ventre e branco nos costados e nos cabos da causa e das extremidades. Os ollos son laterais e simétricos, a ambos lados dun fociño alongado un octavo da lonxitude estándar. As femias presentan oito mamas distribuídas en dúas liñas mamilares que van dende o sobrazo ata as virillas. Os machos, pola súa banda, teñen so dous amorodos atrofiados e un membro viril que pode chegar medir, en repouso, 1/6 da lonxitude total do corpo. Hai unha crista que percorre o dorso dende a fronte ata a cauda, sendo máis alta no seu inicio e descendendo logo ata se reducir a unha altura que corresponde a 1/36 da lonxitude estándar. No cabo das extremidades ten mans e pés prénsiles que fan pensar nun grado avanzado de intelixencia, superior á dos primates e próxima a dos homínidos, nos que coincide en capacidade cranial e, curiosamente para un golfinho, capacidade de bipedestación e mesmo de marcha, como se pode colixir das durezas que presenta no que correspondería ás plantas dos pés. Ten dentes ben desenvolvidos nunha fileira única, recubertos de dentina e sen maiores especializacións, o que falaría do seu carácter omnívoro confirmado na análise do contido estomacal, que revelou a presenza dunha especie de argazos,

restos machucados de peixe fumador (tamén chamado lumpo), e unha papa amarela, que ben podería corresponder a un tipo de anémona moi frecuente no Mar Báltico, e máis precisamente no Golfo de Botnia. So recentemente foi anotada a súa existencia (aínda por confirmar) por observadores científicos a bordo de navíos que faenan nos Mares de Irminger e Barents, nos límites do Océano Ártico, onde se sospeita dende hai tempo a súa persistencia”.

[III. Antártico]

As Moscas Das Illas Kerguelen. Se non lembran onde están as illas Kerguelen nin se inmuten. Moitos dos adolescentes que recen estudiaaron xeografía non teñen nin a máis mínima idea de onde as situar. Os seus profesores tampouco, e é que isto da xeografía non se leva, e o dos atlas menos. Agora lévase navegar nun mar sen ondas nin escumas para chegar a estar máis so que un urso en período de hibernación diante dunha pantalla de ordenador (ecrán, teño escrito, de puro afrancesado, pero os correctores de estilo sempre o cambian, mesmo que o portugués –a lingua irmá– o exprese do mesmo xeito). Mesmo os intelectuais, (parlamentarios incluídos, aínda que incluír aos parlamentarios nos intelectuais e viceversa sexa cada día máis unha manobra de confusión –son líquidos inmiscíbles–) que facheadean de saber os secretos de por onde faenan os nosos barcos de pesca non as saberían situar correctamente. Dirixan, pois, a súa atención a un bo atlas de xeografía universal. Procuren o Hemisferio sur. Achéguese a esa terra de ninguén entre os continentes e a Antártida.

Busquen as máis coñecidas illas Sandwich do Sur ou o arquipélago de Crozet. Xa logo, darán coas illas Kerguelen, onde mariñeiros galegos embarcados en navíos de bandeira de conveniencia erguen do mar un peixe, que científicos e lexislado



res chaman Dissostichius, que algúns din bacallao de profundidade (nada que ver co bacallao, nin a nivel de especie, nin de xénero, nin tan sequera de familia (2)) e que sería bo denominar robalo de fondo, para nos entender e ser un pouco coherentes coa sistemática.

Este introito algo longo e confuso (intencionadamente, un ten dereito a seleccionar aos seus lectores nunha propiedade recíproca da escolla ¿ou é que se os lectores teñen dereito a escoller a este ou aquel outro escritor, os escritores estamos privados de dereitos?) é para situalos no espazo onde acontece o que lles vou contar.

O tempo é agora mesmo, aínda que a historia comezase hai miles de anos. O espazo xa o referín, por se a estas alturas xa se perderon, no Hemisferio Sur.

É o caso que nas illas Kerguelen as moscas non teñen ás. Como o len: non teñen ás, contradicindo a idea que de moscas temos. O caso refíreo Irenäus Eibl-Eibesfeldt, un etólogo recoñecido que escribe na súa obra *Liebe und Hass- zur Naturgeschichte Elementarer Verhaltensweisen* (3): “Nas illas Kerguelen, onde continuamente ruxe o furacán, hai moscas e bolboretas impedidas de voar, que deberon nacer en virtude de esa lei; en troques non hai insectos aptos para o voo, porque o vendaval os leva facilmente. Naquelas condicións totalmente insólitas, os que non poden voar resultan mellor “adaptados”. É dicir, as mutacións que produzan animais ápteros terán un valor selectivo de tipo positivo”.

A lei á que se refire Eibl-Eibesfeldt é aquela pola que nas poboacións animais se producen variacións (mutacións) do código xenético. Estas mutacións constitúen experimentos con novas variacións hereditarias, que entran en competencia cos caracteres máis comúns.

En determinadas circunstancias extremas (como a do temporal case permanente nas illas Kerguelen) os mutantes vense favorecidos ao se adaptar mellor ao medio.

Moscas inaptas para o voo nas Kerguelen serían, por exemplo, *Amalopteryx marítima* e *Calcopteryx moseleyi* (4), de entre 2.5 e 5.3 mm de longo e posuidoras dunhas ás vestixiais que só lle servirían de balancíns.

Este exemplo ilustra o valor das diferencas e dos diferentes, das adaptacións a medios hostís e o pouco valor que teñen as xeneralizacións. Unha mosca segue sendo unha mosca, aínda que non teña ás, e unha bolboreta pode ser unha bolboreta sen ser por iso tesouro devecido para un coleccionista compulsivo (continúo na procura de exemplos onde unha rosa non sexa unha rosa, pero teño pouca bibliografía sobre botánica e obviedades).

O exemplo ilustra tamén outras posíbeis reflexións como a do prexuízo nas denominacións e as nosas ideas preconcebidas ¿Existen as ideas preconcebidas e todo o saber non é senón memoria, como dicían os clásicos? ¿Que raio é un clásico? ¿Como lle explicar a un cativo que existen moscas sen ás? ¿Non se mofarán del os seus compañeiros de clase, e mesmo o profesor autómatas, que repite e non innova, que transmite certezas e non capacidade de explorar o coñecemento? ¿Se hai moscas sen ás, haberá tamén peixes sen barbatanas? ¿E que non se arrastran? ¿E anfibios que non toleran vivir fóra da auga? Con toda seguridade si, pois para celebración dos naturalistas, o mundo esta inzado de excepcións.

[IV. Océano Pacífico]

Noticia dos atois extraída dun texto de Robert Louis Stevenson (5). Os atois sempre exerceron en min unha fascinación superior. A súa estrutura de coral morto, a lagoa central de augas calcarias e azul cobalto nas que nadan augamares fosforescentes, esas palmeiras illadas e algo tristes, paradigma das illas de náufragos, confírenlles unha presenza real nos meus soños recorrentes. Por





iso, se cadra, cando lendo un libro de Stevenson atopei a definición que vai a seguir, non puider resistir gardala nos meus cadernos de notas e transcribirla aquí, para o seu particular aproveitamento.

"(...) o atol, de orixe e historia problemáticos: supónse que é a creación dun insecto aínda non identificado; de forma anular, cunha lagoa no centro; rara vez supera o medio quilómetro na súa máxima amplitude, rara vez acada, no seu punto culminante, a altura dun home, ten por principais habitantes ao ser humano, á rata e o cangrexo de terra; non produce unha variedade de plantas maior que as demais illas e non ofrece á ollada, aínda súa perfección, máis que un anel de praia refulxente e a verde follaxe que rodea o mar e é rodeada por el.

(...) Constitúe unha última indicación de horror, engadido á imaxe desta estreita pasarela, o feito de que semellante anel exíguo posto sobre o mar non estea formado por rocha, senón por unha substancia orgánica, metade vivinte, metade putrefacta; o mar limpo e os peixes que nel viven empezoñados; a pedra máis sólida está roída no seu interior polos vermes e o máis leve po é venenoso como droga de apotecario". Xa ven, o vello Robert L. Stevenson, o que escribira 'A Illa do Tesouro', cría un horror o que hoxe consideramos unha marabilla da natureza e pensaba que o centro do mundo era e seguía sendo a súa querida Inglaterra, patria de homes rexos que conquistaran os mares do mundo. Non serei eu quen lle leve a contraria e poida que na súa época as cousas fosen así definidas aínda que hoxe, por mor das variacións das estratexias de poder, o centro do mundo xa non sexa a City londiniense, senón un lugar indeterminado e mudable, tamén no Hemisferio Norte, onde un mando de iluminados deciden unha guerra ou unha paz, unha invasión ou un bloqueo comercial.

camente destruídos; e os soldados de Alexandre o Magno sufriron intensamente pola calor do clima e pola ausencia de auga". Nas súas costas, son frecuentes aínda os peixes e as tartarugas mariñas, coma o eran nos tempos xa idos nos que Plinio O Vello recolleu noticia da súa abundancia no seu monumental Tratado de Historia Natural. Os antigos habitantes de Geodrosia foron así chamados polos gregos Icthyophagi, ou comedores de peixe, e Chelanophagi ou comedores de tartarugas. Nearchus, o almirante de Alexandre o Magno, navegou por estas costas na súa celebrada viaxe entre a India e o Éufrates.

Poderíase afirmar, daquela, como corolario desta curiosidade gastronómico-xeográfica, que o comer peixe e tartarugas é bo para a saúde das poboacións e, singularmente, para a súa capacidade de rexeitar aos inimigos na batalla.

Estas reflexións teñen un obxectivo claro, didáctico, se me permiten a intención non sempre ben vista. Son moitos nos que no noso pequeno país sen estado pretenden conseguir unha conciencia nacional máis sólida a base de infrinxir todas as normas de precaución, propoñendo aos cidadáns do país categorías épicas que situarían aos galegos no cumio das civilizacións presentes e pasadas, pobo enérxico e emprendedor, viaxeiro e espallador da súa cultura milenaria, céntro e paradigma do respecto pola tradición e polo enxebre.

Trolas. Desconfíen. Hai pobos neste mundo que tamén comen peixe, que saben pescar tan ben ou mellor ca nós, que fan unhas tortas magníficas que nada teñen que envexar ás filloas, que manexan con destreza a arte de soprar un punteiro e gardar aire nun fol, que conquistaron mundos e distancias, que viaxan para coñecer e non por necesidade ou fame, que poden vivir mellor ou peor que nós, pero que non son nin mellores nin peores, só outros.

[V. Océano Índico]

Os Ictiófagos De Geodrosia (6). Geodrosia encóntrase ó oeste do río Indo. O seu nome actual é Bellochistan. É unha rexión composta por áridas montañas e chairas areosas: "Atravesando os seus desertos, os exércitos de Samiramis e Ciro o Grande foron practi-

[VI. Atlántico]

Peixes Que Fluctúan Ventre ao Sol: O Caso Do Diodón. Cando se fala de peixes a un vénlle ao maxín a imaxe deses seres entusiastas e vermellos que nadan

permanentemente en círculo, nesas peixeiras clásicas en forma de globo. Convirán comigo en que esta é unha xerarquización absurda e producta, como tal, dunha observación nesgada e unha experiencia empírica que se toma, falsamente, como verdade universal. Non hai que se ausentar das nosas costas galegas para saber de peixes voadores como os Cheilopagon, peixes que habitan en covas coma os congros ou as moreas, ou aqueles que pasan media vida filtrando as áreas do río para se internar logo no mar e chuchar o sangue a outros peixes, como é o caso das lampreas. Tamén hai os que prefiren vivir apegados a unha rocha polas súas barbatanas transformadas en ventosa, como o peixe fumador ou certas especies de lorchas, apegados á cara ventral das quenllas como a rémora ou agochados baixo a area do fondo, como as raías e os linguados. Non debe estrañar, pois, nesta diversidade de comportamentos (que os meus colegas máis canónicos chamarían estratexias adaptativas, nichos ecolóxicos e outras preciosidades teóricas) haxa un grupo de peixes que naden co ventre cara arriba. Tal é o caso dos diodóns, dos que Charles Darwin fixo esta descrición singular no seu libro 'Voyage of the Beagle'. (7)

"Divertíame un día observando os hábitos dun Diodón (8), que fora apanado a nadar preto da beiramar. Este peixe é moi coñecido por posuír o poder singular de se distender ata acadar unha fasquia case esférica. Logo de retirado da auga por un breve momento, e despois de mergullado novamente nela, absor-

do a fluctuar, as aberturas branquiais fican fóra da auga, aínda que unha corrente aspirada pola boca flúe constantemente a través delas.

O peixe, despois de ficar neste estado de distensión por un curto período, adoitaba expulsar o aire e a auga polas aberturas branquiais e pola boca con forza considerábel. Cando lle gorentaba, podía expeler a penas unha certa porción de auga, e xa que logo, parece probábel que este fluído sexa absorbido co obxectivo de regular a súa gravidade específica. Este Diodón posúe varios medios de defensa. Pode dar unha trabada feroz e pode expulsar auga pola boca a certa distancia, mentres, ao mesmo tempo, fai un curioso barullo co movemento das mandíbulas. Coa intumescencia do corpo, as papilas que lle cobren a pel tornábanse erectas e aguzadas. Pero o aspecto máis curioso era que, cando tentado, a partir da pel do ventre, emitía unha secreción fibrosa dun vermello carmesí ben bonito, que manchaba o marfil e o papel dunha maneira tan permanente que ata hoxe a tonalidade se mantén co seu brillo. Ignoro cal é a natureza e utilidade desta secreción".

[VII. Mar Vermello]

A Hiperactividade Dos Polbos. Nunha carpeta de pastas vermellas (mal gusto ou reclamo para os sentidos) levaba anos arquivado un solto dun xornal no



beu pola boca, e seguramente tamén polas aberturas branquiais, cantidades considerábeis tanto de auga como de aire. Efectúase este proceso por dous mecanismos: o aire é aspirado e despois é forzado dentro da cavidade do corpo, impedíndose a súa saída por mor dunha contracción muscular, que é visíbel dende o exterior; pero a auga, segundo observei, entraba en fluxo pola boca que estaba completamente aberta e inmóbil: este último acto debe, xa que logo, depender da succión. A pel arredor do abdome está moito máis solta cá das costas; e por tanto, perante o proceso do inflado, a superficie inferior tórnase moito máis distendida que a superior e, como consecuencia, o peixe fluctúa de costas para abaixo. Cuvier dubida que o Diodón sexa capaz de nadar nesta posición; pero non só consegue moverse en liña recta, como tamén virar para calquera lado. Este último movemento efectúase exclusivamente coa axuda das barbatanas pectorais, quedando a cauda pendurada e sen uso, xa que con tanto aire o corpo se ve obriga-

que se falaba da hiperactividade dos polbos. Textualmente: "Son sexualmente maduros muy pronto, a los tres meses ya tienen capacidad de reproducción. Después están apareándose tres meses sin parar". Esta suposta falando sempre en termos estritamente antropocéntricos, non debería resultarnos estraña. A meirande parte dos polbos non superan o ano e medio de vida. Facendo unha proporción ben sinxela, a súa idade reproductora correspondería aos 14-15 anos da especie humana.

O que xa resultaba máis chocante naquela carpeta era un artigo da mesma época que falaba de polbos homosexuais (9). No artigo relátase como, no mes de decembro do 1993, Richard Lutz e Janet Voight, dous zoológos estadounidenses, que traballaban a 2.512 metros de profundidade, puideron observar e filmar a cópula de dous individuos machos de polbo, que durou 16 minutos. Se facemos a mesma proporción que fixemos anteriormente para calcular a correspondencia entre idades reproductivas, os 16 minutos na vida

dun polbo correspóndense a unha cópula humana de 12 horas e 26 minutos, o que na miña modesta opinión raramente se dá. Se ademais, como se sinalaba no outro artigo, “se pasan copulando tres meses”, xustifícase o falar claramente da hiperactividade (e da hiperpasividade) dos polbos.

[VIII. Mar Mediterráneo]

Concepto De Sucar Os Sete Mares. Dende ben pequeno acreditei que a expresión “sucara os sete mares” correspondía en exclusiva aos mariños fazañosos e arriscados que navegaran por todos os mares do Mundo, incluíndo eu entre eles, ademais dos cinco Océanos coñecidos, o Mar Mediterráneo e o Mar Báltico, nun “eurocentrismo” premonitorio, se cadra, da miña actual condición de “cidadán europeo”.

Cando eu totalmente neno, neno-neno, neno sen discusión, era crente en todos os sentidos posibles da verba “crer”, e non só no eido da fe cega nos dogmas aprendidos. Así, logo de que alguén me colara esa trola dos sete mares repetina cal papa-

“Sal” de Mark Kurlansky (10) onde atopei o texto seguinte: “O sal era a clave dunha política que converteu a Venecia na primeira potencia comercial do sur europeo. (...) A distancia que separaba a parte continental italiana das illas orixinariamente era moito maior da que na actualidade as separa da cidade de Venecia. A área comprendida entre estas illas e a península de Commacchio recibía naquel tempo o nome de “os sete mares”. “Sucara os sete mares” significaba, pois, simplemente, navegar por esa zona, o que implicaba a inxente tarefa de atravesar as barras de area que facían tan perigosas esas vintecinco millas” (11)

Hei confesar que case se derruban algúns dos meus alicerces máis asentados, e que algunhas das mitoloxías persoais estiveron a piques de ceder como castelo de naipes baixo a man dun neno que camiñase a catro patas. Recuperado do sobre-salto, (todos eses mariños que sucara os sete mares se converteran, de súpeto, nunha cambada de charlatáns, nun fato de mentireiros interesados, nunha malta de atorrantes) relín o parágrafo da controversia, e mais o anterior e posterior, por razóns de seguridade e contexto. O que, no primeiro semellou unha boa idea: “a dureza da navegación por entre as barras de area xustificaba asímlar “os sete mares” ás dificultades da navegación e

10 | **rDL**
Galicia Hoxe 26/08/04



gaio sempre que entrase na conversa (hei dicir que como tantas outras trolas). Daquela tampouco era gran conversador (se cadra por timidez extrema, se cadra tamén por unha sabedoría “precoz”, que nunca se chegou confirmar de todo) pero adoitaba adobiar o meu discurso, escaso de seu, con anécdotas aprendidas ou escoitadas, das que nunca me ocupei en comprobar a veracidade. Xa dixeran que acreditaba en todo o que dixeran os meus maiores ou os coetáneos admirados.

Hai uns días descubrín o errado que estaba neste punto. Pasaran máis de trinta e cinco anos e poucas pegadas da miña infancia quedan no meu carácter, a non ser un gusto desmedido polos xeados e o chocolate quente. Foi na lectura do ensaio

polo tanto “sucara os sete mares” era unha imaxe épica para os mariños mesmo que os seus rumbos non acadasen máis alá que un ou dous océanos coñecidos” converteuse nun erro ao ler o parágrafo seguinte na procura de seguridade. Dica así: “A zona dos “sete mares” pasou ser parte da masa continental, cun porto chamado Chioggia”. Non só navegar os “sete mares” non era sinónimo de dar a volta ao mundo na procura de Moby Dick, da Illa do Tesouro ou do Capitán Nemo, senón que “os sete mares” desapareceran pola acción dos elementos e dende o século XVII, asimilada á terra a zona dos “sete mares” xa non era posíbel navegar nin tan sequera por entre as barras de area que separaban as illas da península de Commacchio.



[IX: Epílogo]

A verdade é que os golfinhos peludos das latitudes boreais, os polbos hiperactivos, os peixes que navegan ventre ao sol, as moscas das illas Kerguelen e os arroaces albinos, que fan o tránsito de bañistas entre as praias de Canido e a Illa de Toralla, impregnan unha mitoloxía fantástica, na que se inclúen tamén as medusas vagalume ou os tiburóns riscados de Fisterra, e outros animais e circunstancias que ninguén viu nin verá, pois son recreacións dos fabuladores, como tantas outras historias verdadeiras ou falsas, simuladas ou reais. Cadansúa unha ollada distinta. Cadansúa extraída dunha memoria. Cadansúa falando dun mar. Do seu propio mar. Do mar soñado.

Se lles interesaron as anécdotas que lles contei quedarei satisfeito de vez, que é un dos estados máis agradábeis que coñezo. Se así non foi, se non conseguín un ollar oceánico axitado e non lles gustou o que aquí escribín, espero que me fagan único responsábel, pois quen me escolleu para este cometido, doume liberdade absoluta de expresión, o que comeza ser moeda pouco frecuente nestes tempos que nos ten tocado vivir.

Xa para rematar, non quixera deixar de lembrar aquí un dito coreano que di: "A forza do vento detense diante da paciencia do mar". O mar é paciente e así o ven amosando no seu renovar constante, na súa defensa permanente ante as agresións (das que non son as menores as que o home lle inflíxe), no seu entusiasmo envexábel, na súa pertinaz resistencia ás agresións.

Espero, de corazón, que a serena lectura destes textos teña espertado, cando menos, o seu interese en ollar para o mar doutro xeito. Nesa confianza quedo, na de que leven os secretos do mar preñidos nos seus ollos. Para que sexan felices. Para que sexan libres. Para que celebren como ben propio a liberdade dos outros. Para que sexan bos e xenerosos.

(1) Eufemismo para designar barcos con capital galego que arboran o pavillón dalgún país do terceiro mundo que non respecta as normas de conservación, pois de conveniencia son todas as bandeiras, as de estados soberanos e colonias, as de países avanzados e en vías de desenvolvemento –outro eufemismo dos máis hipócritas–, as de países que queren ser e non lles deixan, as de organismos internacionais e organizacións non gobernamentais.

(2) Lahuerta e Vázquez no Vocabulario Multilingüe de Organismos Acuáticos, publicado no ano 2000 baixo a dirección do persoal do Instituto Ramón Piñeiro e baixo o selo editorial da Xunta de Galicia chámanlle "Pescada austral negra" ou "Pescada antártica negra". Eles saberán o porqué.

(3) Irenäus Eibl-Eibesfeldt, "Amor y odio: Historia natural de las pautas elementales de comportamiento", Siglo XXI editores S.A., México 1972

(4) O propio Eibl-Eibesfeldt presenta para ilustrar o seu libro o debuxo dun exemplar de cada unha destas moscas da autoría de C. Chun aparecido no libro 'Aus den Tiefen des Weltmeeres', editado en Berlín no 1903.

(5) Robert Louis Stevenson, 'Relato de las experiencias y observaciones efectuadas en las islas Marquesas, Pomotú y Gilbert durante los cruceros realizados en las goletas Casco (1888) y Equator (1889)', incluído no volume 'En los mares del sur', Ediciones B, Barcelona 1999.

(6) Outras referencias falan de Gedrosia

(7) 'Journal of Research into de Geology and Natural History of the various countries visited during the voyage of Her Majesty Ship Beagle round the World', edición de J. M. Dent and sons Ltd., London 1906.

(8) No seu libro 'Vocabulario Multilingüe de Organismos Acuáticos', Lahuerta e Vázquez propoñen para estes peixes o nome de "peixe bola", sen dúbida extraído do portugués. (¡Qué imaxinación!)

(9) Jauregui, Pablo 'Pulpos: rosas en el fondo del mar', publicado no xornal 'El Mundo', do 13 de Outubro de 1994.

(10) Kurlansky, Mark, 'Sal (Historia de la única piedra comestible)' ('Salt: A World History', 2000) editado Edicions Península, Barcelona, 2003

(11) Aínda que non o diga explicitamente, é probable que Kurlansky tomara esa definición dos "sete mares" de Frederic C. Lane e máis en particular de "Venice: A maritime Republic", publicado en Baltimore pola John's Hopkins University Press no ano 1973, xa que é o único libro sobre Venecia que inclúe na súa extensa bibliografía.